

NORMAS A CUMPLIR

ORGANIZADOR:• **ANTES DA COMPETICIÓN**

- a) O Regulamento Particular deberá estar conforme ó publicado pola F. G. de A.
- b) Deberán presentalo á F.G. de A., **70 días** antes da data prevista do inicio da competición acompañado do rutómetro e libro de seguridade en formato dixital, obrigatoriamente.
- c) Realizase nun treito só, que terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros cunha tolerancia dun 15%. Ao tratarse dunha competición mixta, a superficie dominante non pode exceder do 70% sobre o total do percorrido.
- d) Deberá ter todos os permisos das administracións e o pago do seguro efectuado antes do comezo da competición.
- e) Habilitarase a App Sportity con antelación, coa finalidade de ir poñendo os documentos da proba e poder axilizar a información aos equipos.
- f) O número de equipos inscritos queda fixado nun total de 100 equipos. Si se producise un incremento de solicitudes rebasando o límite, o Organizador comunicarllo a F.G. de A. Solicitándolle a autorización para poder incluílos.
- g) Unha vez cerradas as inscricións e comprobados os datos, elaborase unha lista de inscritos na cal se empezará pola Clase A encabezada polo actual campión e mantendo as posicións por clasificación do campionato nese intre. De ser a 1ª carreira tomarase a clasificación final da tempada anterior. Despois da Agr.1 terá saída o primeiro SSV con 2' mínimo sobre o vehículo anterior, despois deste xa comezaría a Clase B ao igual que a A según clasificación respectando en todo o campionato o campión do ano anterior como primeiro vehículo en tomar saída, este cambio de clase tamén se fará cun mínimo de 2' sobre o vehículo que o precede. Elaborase de tal maneira que por prestacións, clasificacións e copas quede unificada o mellor posible. Esta será enviada e revisada pola Comisión Delegada de Rallymix da F.G. de A, para a súa posterior aprobación.

• **DURANTE A PROBA**

- a) Contará cos medios de seguridade e sanitarios a disposición da proba o día da carreira antes da saída da caravana de seguridade, así como estar ao tanto no pago do seguro da proba e outros permisos.
- b) Contará co circuíto delimitado e conforme as medidas esixidas de seguridade antes do comezo da proba.
- c) Nas verificacións o Organizador delimitará a zona onde se verificarán os vehículos co fin de evitar verificar polo parque tendo que desprazarse os técnicos e buscar ós pilotos.
- d) Na proba deportiva facilitarase unha zona ampla e cómoda como parque de traballo.
- e) O Organizador deberá ter en conta as situacións que se poidan derivar por culpa do po, polo que valorará na medida do posible regar o circuíto con anterioridade a disputa da proba.
- f) De facer Parque Pechado entre etapas, e OBRIGATORIO a existencia de vixilancia privada que garantice a seguridade dos vehículos.
- g) Deberan poñer a disposición dos equipos baños no parque de traballo, ou permitir acceso a uns que se atopen no percorrido deste.
- h) O organizador por motivos de seguridade evitará a posta de sacos de area e bloques de hormigon como medida de delimitacións ou chicans artificiais debido a perigosidade que estes conlevan por rotura e impacto.

• **POSTERIOR A COMPETICIÓN**

- a) Deberá de aboar os premios nun prazo de 90 días naturais dende o último día de competición aos gañadores dos mesmos.

EQUIPOS PARTICIPANTES:**• ANTES DA COMPETICIÓN**

- a) Todo equipo que desexe participar nunha proba do Campionato Galego de Rallymix, terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma. Todos os datos deberán estar correctos antes do peche das inscricións.
- b) Aqueles equipos que se inscriban nunha agrupación que non lle corresponda serán informados e cambiados polo CC.DD a expensas do informe técnico da proba. Unha reincidencia en este proceso por parte dun equipo será motivo de sanción de 5'.
- c) Todo aquel membro dun equipo que se atope acatando unha sanción, non poderá formar parte da proba, si poderá facelo mentres non exista unha resolución en firme sobre un expediente disciplinario aberto.
- d) calquera cambio que se poida dar unha vez inscrito nun equipo, deberá ser comunicado ao Organizador co fin de realizar os cambios pertinentes
- e) Respetará os horarios establecidos polo Organizador, baixo pena de sanción por parte dos CC.DD. Esta medida faise co fin de axilizar o desenrolo da proba.
- f) Deberase descargar a App Sportity para poder estar atento a toda a información da proba.

• DURANTE A PROBA

- a) Todo equipo que participe na proba debera de presentar o vehículo en boas condicións para a súa verificación, a carrocería deberá de estar nunhas moi boas condicións e ter os elementos de seguridade aptos e ao día. De non ser así será rexeitado a todos os efectos para a súa participación.
- b) A tripulación deberá seguir en todo momento as indicacións dos Oficiais da proba, non se poderán negar ante un requirimento dos CC.DD, podendo ser de índole informativo, disciplinario ou técnico.
- c) Queda prohibido dirixirse ao Colexio de Deportivos ou Director de Carreira de forma directa. Deberán seguir o protocolo estipulado en outros campionatos, deberán expoñer todas as súas dúbidas, disconformidades, avisos de non tomar saída etc ante o Relacións cos Participantes.
Este será o encargado de dar traslado ao CC.DD, unha vez resolto comunicaráselle ao participante pola mesma canle, faranse de forma escrita para poder deixar copia tanto ao participante como para xustificar o recibido polo equipo podendo recibir resposta directa, desestimación ou citación para presentarse ante o CC.D.D.
- d) Deberase cumprir en todo momento o estipulado nos Regulamentos na totalidade do equipo. calquera alteración producida por membros do equipo terá repercusión deportiva sobre o piloto e copiloto de dito equipo.